

## EIXE CRONOLÓXICO

Unha das técnicas más importantes da Historia é o eixe cronolóxico. Sirve para organizar a información e adquirir unha visión temporal dos acontecementos e procesos.

☞ Pódese facer,

- a) a man (empregando diferentes cores)
- b) ou dixital, elixindo algúna das ferramentas web, como

☞ Preceden: <https://www.preceden.com/login>

☞ Timeline:

[http://www.readwritethink.org/files/resources/interactives/timeline\\_2/](http://www.readwritethink.org/files/resources/interactives/timeline_2/)

☞ TimeToast: <https://www.timetoast.com/>

☞ Tiki-Toki: <https://www.tiki-toki.com/>

### COMO SE FAI UN EIXE CRONOLÓXICO:

#### 1 Información:


- ☒ Primeiro recomendo facer unha lista cos acontecementos e etapas que queremos situar no eixe cronolóxico. Logo de recompilar toda a información, ordenala temporalmente.

#### 2 Eixe cronolóxico:

- ☒ Debuxar a liña que vai ser o eixe e poñer ao principio a data inicial e ao final a última data.
- ☒ Dividir o eixe en tramos iguais: poden ser séculos, décadas, tramos de cinco anos, anos simples, etc.
- ☒ Situar as datas dos acontecementos e poñerelles o seu título.
- ☒ Facer as etapas coloreando o tramo comprendido entre dúas datas.

### TIPOS DE EIXES CRONOLÓXICOS

- ★ Un eixe cronolóxico pode facerse de xeito horizontal ou vertical. No horizontal, as datas más antigas sitúanse á esquerda e as más recentes á dereita. No vertical, as datas más antigas colócanse arriba e as más recentes abaixo.
- ★ Eixes comparativos. Os eixes poden comparar diversos procesos. Poden comparar o que sucede en territorios distintos no mesmo tempo ou dimensións distintas (economía, política, arte, etc.) do que pasa nun mesmo sitio durante o tempo representado.



## AVALIACIÓN

O eixe cronolóxico avaliarase coa seguinte rúbrica:

	Insuficiente - 0	Suficiente - 1	Ben - 2	Moi ben - 3
Contidos	A liña do tempo contén menos da metade dos eventos requeridos.	A liña do tempo contén soamente a metade dos eventos requeridos.	Á liña do tempo lle faltan algúns eventos requeridos.	A liña do tempo contén todos os eventos requeridos.
Datas	Máis da metade das datas da liña do tempo son incorrectas.	Case a metade das datas son incorrectas.	Inclúe unha data precisa e completa para case todos os eventos.	Inclúe unha data precisa e completa para cada evento.
Descripción	Os eventos non están ben descritos.	Con frecuencia os eventos non están ben descritos.	Describe de forma precisa case todos os eventos.	Describe de forma precisa todos os eventos.
Formato	Non se pode empregar a liña do tempo eficazmente para describir ou comparar eventos.	Non hai distinción entre tipos de acontecementos ou procesos en base a cores ou niveis diferentes.	A distinción entre tipos de acontecementos ou procesos non sempre é clara e lóxica.	A liña do tempo permite comparar eventos, distinguindo tipos de acontecementos ou procesos con cores ou niveis diferentes.
Gráficos (se é dixital)	Non se inclúe ningún elemento multimedia.	Algúns acontecementos están acompañados de imaxes ou vídeos adecuados.	Algúns acontecementos non están acompañados de imaxes ou vídeos adecuados.	Todos os acontecementos están acompañados de imaxes ou vídeos adecuados.